


Foliada!



Reinterpretando
o legado das cantareiras

GADIS

**O pandeiro toca benhe,
i as ferreñas danllo sonhe,
i as rapazas que o tocan
elas de Cerceda sonhe**

**Se che perghuntan quen canta
responde con alegrhía:
son as rapazas da vila
que veñen da romaría**

Coplas 1 e 2
Adolfina e Rosa Casás

Cando unha moza canta en Cerceda, o mar estremécese en Bueu. Cando unha ferreña soa en Allariz, un alecrín agroma en Quiroga. Se che preguntan que ocorre exactamente con esta terra, atrévete a responder: velaquí a marabilla.

Cantar é comprenderse coma os guindastres comprenden a Ría de Vigo, coma o asfalto da AP9 que serpea coa ousadía de partir o verde en dous, coma a néboa que governa o alto do Fiouco, coma saber que cando ves no retrovisor a Ponte de Rande estás cambiando de estado, pero nunca de corazón.

Ledicia Costas



Laura Tova

**Fun á fonte a buscar auga
sin ter ghana de beber,
fun por velos meus amores
tiña ghanas de os vere**

**Maruxiña vai na fonte
moito tarda que non venhe
ou rumpíu a cazarola
i ou moita parranda tenhe**

Coplas 3 e 4
Adolfina e Rosa Casás

fun á fonte beber auga
sen ter gana de beber
e menos mal porque

nunca vira tal cartel
puxérono novo
a fonte chea de merda, coma sempre
pero o cartel, novo do trínque

fodeume o selfie, o cartel
o cartel que di que se bebes, alá ti

bebín
bebín sen sede
só por foder o cartel

non pasa nada por beber sen sede
ás veces cómpre facer cousas sen gana
só por autoafirmarse ideoloxicamente contra/

aparecéuseme maruxa
maruxiña, digo, a da copla
segundo bebía: aparecéuseme
vese que seguía alí:
tanta parranda tiña!

chiscoume un ollo
[dende a copla, digo]

mal raio parta o cartel
que nos incita a non beber
da auga que sae da fonte
sen saber nada o cartel
dos beneficios desa auga
desa fonte
e do beber

Esther F. Carrodegua



Laura Mahía

**Muiñeira da ribeira
muiñeira ribeirana
o tocar da muiñeira
tócocho de mala ghana**

**O anillo que me deches
perdino na carretera
non me pesa do anillo
pésame de quen o leva**

Coplas 5 e 6
Eva Castiñeira

Por non remexer as dagas, -sete-,
que atravesan o corazón das aves feridas
quedamos en que, ás veces,
é mellor non cantar de mala gana.

Porque sandar é converterse nun paxaro áxil
mirar con curiosidade e distancia de outeiro os furóns,
e deixar que arrastren o seu abrigo hipnótico, traidor,
sen que nos alcancen.

Non chamar a atención das alimarias nin da dor.
Non ter pesar de ningún anel perdido.

Certo é que a culpa lévana sempre as pegas
das que se di que lles gusta o ouro,
pero quen rouba o brillo das demais
é alguén que non sabe voar.

María Lado



Xoana Almar

O Chanqueiriño pequeno
e maila filla máis nova
anduvo en todas as feiras, upa!
para comprar unha porca

O carnaval foi pasando
e a porca n'a comprou
ha de comprar pa coresma, e upa!
o carnaval xa pasou

Coplas 7 e 8

Asunción Garrido Ameijende,
Manuela Lema Vilar
e Teresa Lema Varela

Tanto lle quería á miña avoa Carme
que sempre a chamei mamá.
Ao carón da cociña ofrecíame unha
cunca de caldo para escorrentar o frío
e contaba de cando as mozas sacaban
as pandeiretas e facían festa. Cantaban
coplas que as divertían coma a historia do
Chanqueiriño que se acompañou da filla
para mercar unha porca na feira. Ai, as
feiras! Para mercar e vender, pero tamén
para a risada e a parolada. Así, dunha
noutra, alá lle foi o Entroido e meteuse na
coresma cando xa estaba prohibido comela.
Velaí o lacazán enredando na feira!

Ao final dos seus días a miña avoa cantaba
a todas horas. A demencia levoulle a razón
e tróuxolle as coplas de moza para volver rir.
Canta, miña avoa canta que estas Letras
son vosas.

María Solar

María Montes



**Eu por ti ando de noite,
eu por ti de madrugada,
eu por ti ando de noite
ti por min non andas nada**

**Eu aquí non canto máis
que eu aquí nunca cantei
por se-la primeira vez
non sei como salireie**

Copla 9

**Asunción Garrido Ameijende,
Manuela Lema Vilar
e Teresa Lema Varela**

Eu ando de arriba a abaixo,
todo o día baixa e sube;
vou pola vida ao volante,
pero ti andas máis na nube.

Non che hei cantar nin as vinte,
insistir é tontería,
se o meu contigo non sae
xa saio eu coas amigas

Yolanda Castaño



Iria Fafián

Unha festa. Unha troula. Un serán, unha ruada e unha esmorga. Unhas pioneiras prenderon o baile que agora outras escriben e outras enchen de cor e forma. Unha alegría compartida á que toda a xente é benvida, porque a música non se detén. Xamais.

Unha auténtica Foliada! Bailamos?

Coplas “O pandeiro toca benhe” e “Se che perghuntan quen canta”

Informantes: Adolfinia e Rosa Casás.

Recolla: Dorothé Schubarth en San Martiño de Cerceda en marzo de 1980.

Publicada coa referencia 2764 do APOI, Arquivo do Patrimonio Oral da Identidade do Museo do Pobo Galego.

Reinterpretadas para *Foliada!* por Leticia Costas (texto) e Laura Tova (ilustración).



Coplas “Fun á fonte a buscar augha” e “Maruxiña vai na fonte”

Informantes: Adolfinia e Rosa Casás.

Recolla: Dorothé Schubarth en San Martiño de Cerceda en marzo de 1980.

Publicada coa referencia 2789 do APOI, Arquivo do Patrimonio Oral da Identidade do Museo do Pobo Galego.

Reinterpretadas para *Foliada!* por Esther F. Carrodegua (texto) e Laura Mahía (ilustración).



Coplas “Muiñeira da ribeira” e “O anillo que me deches”

Informante: Eva Castiñeira.

Coplas publicadas baixo o nome de “Muiñeira Ribeirana”, no disco “Recolleita Vol. I”, publicado orixinalmente pola discográfica Ruada, con depósito legal C-1208-81 no ano 1981 e reeditado por Atlantia Entertainment S.L. para La Voz de Galicia (con licencia de Clave Records S.L.) no ano 2003 con depósito legal LU-248-03. Esta publicación estivo coordinada por Pablo Quintana.

Reinterpretadas para *Foliada!* por María Lado (texto) e Xoana Almar (ilustración).



Coplas “O Chanqueiriño pequeno” e “O carnaval foi pasando”

Informantes: Asunción Garrido Ameijende, Manuela Lema Vilar e Teresa Lema Varela.

Recolla: Dorothé Schubarth en Mens (Malpica de Bergantiños) en marzo de 1980.

Publicada coa referencia 1927 do APOI, Arquivo do Patrimonio Oral da Identidade do Museo do Pobo Galego.

Reinterpretadas para *Foliada!* por María Solar (texto) e María Montes (ilustración).

Copla “Eu por ti ando de noite” e “Eu aquí non canto máis”

Informantes: Asunción Garrido Ameijende, Manuela Lema Vilar e Teresa Lema Varela.

Recolla: Dorothé Schubarth en Mens (Malpica de Bergantiños) en marzo de 1980.

Publicada coas referencias 2918 e 2913, respectivamente, do APOI, Arquivo do Patrimonio Oral da Identidade do Museo do Pobo Galego.

Reinterpretada para *Foliada!* por Yolanda Castaño (texto) e Iria Fafián (ilustración).



CRÉDITOS

Foliada! Unha celebración de Gadis para o Día das Letras Galegas 2025

Idea, contidos e deseño: Nasas, Axencia Creativa

Impresión e encadernación: Agencia Gráfica

Asesoría e selección de coplas: Mario G. Cortizo

Agradecementos ao Museo do Pobo Galego, Atlantia Entertainment e Clave Records pola súa colaboración

Descubre máis en:
gadisletrasgalegas.gal

Impreso en Galicia. Abril de 2025
Papel: Invercote G de 300g e offset de 250g

Edita: Gadisa Retail SLU
Polígono de Píadela s/n 15300
Depósito legal C 299-2025

